



Volve A Pedreira

Uxía Pedreira prepara novo disco logo do cambio radical na súa vida tralo nacemento de Lúa. Agora, compaxina a música co coidado da súa filla, que sufriu parálise cerebral ao nacer.

Páxina 76

Reportaxe

A grande excursión pop

Percorrido pola traxectoria de Marco A. Maril, de Dar Ful Ful á actualidade, pasando por Apenino. Agora, chega a un novo episodio vital por medio de *15.11.18*, o primeiro LP asinado como Marco Maril.

Páxina 64

Reportaxe

Arima e Trinta Lumes

Achegamento ás cintas de Jaione Camborda (2019) e Diana Toucedo (2018) desde o xesto e a intención, transitando desde esa sofisticación intrínseca ás súas imaxes que medra no silencio; dúas paisaxes oníricas.

Páxina 70

Crónica

5 obras para a pandemia

Un escrito de Alfonso Armada a prol da cultura nestes tempos da covid-19, a través de dúas películas e tres pezas teatrais. De Pedro Costa e *Vitalina Varela* a *Tenet*, de poñer en escena a Chéjov ou Chernóbil.

Páxina 82



Ugía Pedreira «Ver como se loita por ser visible no escaparate faima sufrir»

Hai seis anos, Ugía Pedreira (Vilaronte, Foz, 1970) fixo confinamento antes de que intuísemos a incidencia que tería esa palabra no noso estado de ánimo, na nosa forma de ver a vida. O nacemento da súa filla, Lúa, que ten parálise cerebral, e o cansazo tras máis de vinte anos dunha persoal e frutífera carreira musical fixérona repregarse en Vilavedelle, unha aldea do concello asturiano de Castropol. «Canto traballiño leva adosado un sosego», escribiu. Para acadalo volveu ao Cantábrico, a 36 quilómetros do punto de partida.

TEXTO Ramón González FOTOS Xulio Villarino

SÓ AS OBRAS INTERROMPEN HOXE A CALMA DA SÚA casa. O ruído dos traballos racha dous silencios, pois tamén anuncia que hai cousas que dicir. A cantautora focega prepara estudo novo e novo disco, o seu primeiro álbum en solitario.

Que atopaches neste lugar? Os galegos gustan de dicir que esta terra é galega. Quizás desde esa banda do Eo, e mirando para determinada historia común, sexa gracioso dicir tal. Mais parece terra de ninguén. A Administración é asturiana, e leva anos sen goberno de dereita. Os mariñaos que traballan neste lado cobran máis e teñen mellores privilexios laborais. Atopei o colexio especial da Fundación Edes, un luxo de coidados e ensino con finca, ecoloxía e un despregue integral na diversidade funcional. Agora estou onde teño que estar, quen sabe o que virá mañá.

Paraches para entregarte á túa pícara e familia, pero tamén falabas dun certo cansazo. «Lo que sucede conviene», din en Cuba, non? Hai xente que para cambiar de etapa fai un transcurso máis fluído e outros precisamos un ciclón. Brincadeira á parte, cando un ser con parálise cerebral entra na familia móvese todo, isto é verídico en todos os casos. E nós non iamos ser menos. Móveseche o sacro, a terra dos pés, é o máis complexo de entender e xestionar. O descanso era necesario, importantísimo, e centrarme nunha nova vida da que non tiña nin idea. Grazas a iso tamén vin quen estivo dándome a man no oficio e quen non, polas razóns que fosen.

Que impacto tiveron na túa vida e na túa arte a maternidade, por un lado, e por outro o feito de ter que afrontar a dependencia da vosa nena?

Un cambio de vida total. Aquilo xa non volverá. O confinamento e o toque de queda comezaron para min hai seis anos, mais os medos e os sustos sobre a saúde. A vida? Un universo finito nun espazo curvo? Vou ao día. E mesmo ao instante. O que non é esencial e verdadeiro non interesa. Nin nas relacións, nin na música. Para isto Lúa e seu pai son dous radares das emocións verdadeiras e polo tanto dous radares do finxir.

Houbo momentos nos que pensaras que xa non retomarías nunca a túa carreira? Sempre souben que ía volver facer concertos «convencionais», aínda que para min xa non o son. Nestes anos seguín compoñendo. Aburríame repetir o mesmo recital: escaleta, presentacións... Deime conta disto en Redondela con *Acróbata* (o disco conxunto co cantautor brasileiro Fred Martins), tiña tantas ganas de deixar de cantar e facerlles preguntas ao público... Despois dese concerto pregunteime por que e para que, e desde onde facía ese traballo. En seis anos tiven tempo de contestarme.

En relación con isto, dicías nunha entrevista que a túa filla é o teu máis esixente público, que depura a túa música. Cantas unha letra de Curros que non sei se é acáida: «eu busco só unha mirada meiga deses teus ollos». Ese verso de Curros desfaime, Lúa ten cegueira neurolóxica. «Os teus ollos» é unha canción aferrada á vida dos tres. Doe e calma cantala, é unha dualidade curiosa. Ela, Pierre (Rougier, músico bretón e compañeiro de Ugía) e miña nai son esixentes á súa maneira coa música, sinceros coas composicións que fago.

Retomas a túa carreira musical como A Pedreira. Por que agora e por que co teu apelido? Antes do estado de alarma ía ir ao Cervantes de París con Vitor Bello, coa performance *Rosalía*, aínda que el empurrábame para ir coas miñas cancións. Non puido ser pois esa mesma semana pecharon fronteiras. Durante o confinamento deille máis caña á guitarra e ao tratamento das pezas que conforman *Sesiois á Brosa*, con Eloy Couceiro. Puñamos na mesma bandexa a construción dunha canción e os oficios dos artesáns da zona.

Daquela foi Vitor de novo quen me chamou para o festival Maré. Deixei-me ir encantada. Soltei o nome de Ugía porque entre a xente da música xa me chamaban así. Para min é transcendental o acto de que as persoas veñan a un concerto meu. Eu véxoos, son público deles. Cústame todo, vou cansa e esgótame a vida social. Pero gocei inmenso de poder traballar co equipo técnico, e de ver alí a tanto artista e estudantes novos e antigos.

En 2019 volvíches actuar e ademais con referentes no Estado: Uxía, Martirio, Carmen París. Despois de parar, mesmo para quen leva facendo música toda unha vida, dá vertixe, inseguridade, volver? Vertixe non me deu. É unha escola estar con xente da canción, sexa quen sexa e teña a bagaxe que teña. O punto de inseguridade


para min é como funciona a venda da vaca. Aí pérdome en comparación a hai nada máis ca seis anos. Xa antes seguía o instinto e agora continuo. A perversión da palabra a prol da comunicación para a venda é de vergoña, e aféctame, porque vexo tamén as carencias dos demais en cada frase, e como se loita por ser visible no escaparate. Iso faime sufrir.

Nese tempo de descanso da túa carreira chega tamén esa homenaxe de Sabela, coa versión de «Tris-tras» nun programa *mainstream*, competindo na final dun concurso con ese tema por bandeira. Eran as cinco da tarde e avisoume Alba María. Houbo que rememorar como estaba todo a nivel dereitos de autor. E logo tentei axudar como puideron a esa nena que tantas afinidades vivía comigo: o norte, a discapacidade. Coñecín a súa nai, tivemos conversas e logo puido facer con nós ese concerto-remate de Marful no Culturgal. Gustoume ver como as novas xeracións escollen cancións doutras para facer versións, é algo moi propio do Brasil e símbolo de sociedade agradecida.

A túa parella díxoches sobre a túa evolución que agora «compós coma Joni Mitchell». Ela era un cumio de personalidade e intelectualidade, pero tamén se palpaba a súa vulnerabilidade. Que cambiou na túa maneira de exercer o teu oficio? Pierre axúdame a analizar cancións do pop-rock internacional e tamén da súa cultura bretoa. O paso por Marful tamén foi para min unha universidade, con tres compañeiros que eran cracks auditivos. Desde que escribo máis poesía mellorei as letras, nestes anos os poemas ocuparon un lugar esencial no día a día. Estiven tres anos con Dores Tembrás en Apiario. En canto ás melodías, escúlpoas dependendo da xeoloxía da palabra. Para min é esencial que teñan selo da casa e nos mimeticemos ambas.

Unha canción é como facer un filme de 3-4 minutos, como facer un barco ou un prato. E logo é interesantísimo saborear esa primeira vez, cando sae do íntimo. A estrea.

Falábame Sés das dificultades que atopan as mulleres que escriben letras e que lideran proxectos na música popular. Dicíame que apenas se fala do machismo que sofren as mulleres que senten que teñen algo que dicir de cara ao público, ás que se lles tenta poñer a etiqueta de extravagantes, de persoas de trato difícil, para tentar deslexitimalas. Topaches con ese muro na túa carreira? Non son bo exemplo para o feminismo



ante estas experiencias. É como a intelixencia, hainas múltiples. No meu contínuum da vida aparecen mulleres controladoras, envexosas, mandonas que me teñen feito moito dano. Mesmo silenciado, indiferenciado, teño experimentado a falta de inclusión. Entendo que as persoas fortes –polo tanto, febles– e gordas parece que non nos fai falta nada e xa nos apañamos con todo. Este é o meu «distorsionado caso».

Concordo con que moitas seríamos queimadas na fogueira, que nos tratan como tolas por dicir verdades a esgalla, que hai quen salta como disidente no veneno da xente e concordo con que os valores patriarcais andan á *bartola*. Aférrome á Matriztica de Maturana e expándoa todo o que podo para que se dean outras equivalencias entre o macho e a femia.

Cítote: «canto para ter saúde e darvos a que me queda». Que temas te absorben, te levan á necesidade de escribir? As zonas conflitivas do social e do individual. A dor, ese berro da alma a través do corpo. O maltrato á terra e, polo tanto, a unha mesma ou a outra persoa. Os malos entendidos, a susceptibilidade, a curación. Teño pouso de lecturas

«Cando un ser con parálise cerebral entra na familia móvese todo, o sacro, a terra dos pés, é o máis complexo de entender e xestionar. O descanso era necesario, importantísimo, e centrarme nunha nova vida da que non tiña nin idea»



Arriba, Ugía Pedreira e Toty SaMed na última edición do festival Castos na Maré, este ano en Compostela.

de dadaísmo, patafísica e surrealismo onde me reconeço. A filosofía, recurso habitual. E póñoome a escribir para desatar os meus propios nós.

A vida e a obra son o mesmo ente, ao meu modo de ver. A mostra da debilidade é a maior fortaleza. Ninguén é un súper *man* ou *woman*. Estamos no fio da vida constantemente. Quizais a música, ou a pintura, son unha fuxida da realidade que manca. Válenme para saír de situacións complexas.

A música vénche de familia. Túa nai, Isabel, canta ben. O meu primeiro recordo musical é miña nai cantándome «Unha noite na eira do trigo» para dormir. Tamén seu irmán e seu pai eran uns portentos musicais como amadores. Cantaban polos camiños cando ían á festa. Mamá lembra que

cando cantaba nos prados do val a xente paraba para escoitala e pedíanlle un bis entre sacho e forquita.

Como foi a túa infancia en Vilaronte? A miña nenez foi crúa polas constantes enfermidades da nai e leas de relacións na casa, mais por iso mesmo tamén creo que busquei a beleza no diminuto. Ao ser filla única estaba moi controlada e escapaba á casa dunha veciña, a señora Angelita, que me daba caldo de soá e cantábame e bailábame xotas e cuplés. Desde nena tiña claro que eu quería cantar. Subía coa guitarra á chousa, onde se ve a desembocadura do Masma, quizais con sete anos. Lémbrome de conmoerme mirando o mar e desexando coñecer o mundo a través da música.

A miúdo destacas a túa relación co Cantábrico. É un abrazo de calma e paixón. Adoro este horizonte mariño-astur, a liña de costa e a luz nalgúns lugares é fastosa. Son estudosa da vía marítima cultural que nos uniu, nos une e que non se promove desgraciadamente para o ben común, entre os ditosos partidismos e limitacións estatais. Semella que os marcos seguen a ser carne de separacións. Esta rasa de Estaca de Bares a Ouessant, na Bretaña, é a maior inspiración para gravar o que será o primeiro disco en solitario.

Que se pode saber desa estrea? Pierre ten un caleidoscopio de imaxinación musical e un ouvido fino, un tratamento artesán do son. Tiñamos pensado facer un estudo dentro duns anos, mais co confinamento e algún encargo xa próximo estamos en obras para ordenar o Estudio ty Auel. Faremos gravacións e axudaremos tamén a concibir o proxecto artístico que se queira realizar desde aquí. Entón pensamos que si, debo ser eu quen estree o estudio.

Amosaches varias pezas que se poden atopar en Youtube: a «Ranchera de Llas», «Ribeiras del Eo», «Orgánico viaxar», «Ser un ser máis», «Palabras verdes», coa letra de Marina Oural... Estarán no disco? Seguramente no disco estarán as cancións que cantei no festival Maré. Mais aínda non está pechado, estamos dándolle forma con placidez e lentitude.

E os concertos? Non podo aceptar calquera actuación, debe estar feita á miña medida por temas da dependencia da nena, sobre todo. Haberá unha parte en solitario como vinculeira que son, coas miñas guitarras e pandeireta, *spoken word* e unha declamación. E outra parte con Pierre, ademais dos deseños e debuxos ad hoc de Xabier Bello para cada peza e unha conxunción escénica traballada. O conxunto é orgánico, simple, dámoslle moita importancia aos grafismos,

á prosodia vocal, ao xesto e o valor emocional, o indispensable na comunicación verbal, neste caso cantada. Espero gozar da man que pinta en directo de Bello e de Marina, Alberto Casas e Xurxo Pinheiro.

En 2000 xa apuntabas nunha entrevista na Voz a idea de facer un disco en solitario. Despois veu Marful, no que ao meu entender as letras tiñan tanto peso como a sonoridade ou os arranxos. Sempre fixen letras e melodías. Colléronas en principio os irmáns Pascual e comezaron a pintalas harmonicamente. Propuña estruturas, dinámicas e toda a parte escénica. Compuxen desde nena en inconsciente. Escribir, facer poemas e cancións é o meu pan, aínda ben se fose de trigo do país... non? Tento.

«Galiza ten moita fachenda dicindo que é un país de artistas, un volcán creativo, e isto achanta coa tradición que se pon nun altar»

Marful era o apelido do avó que marchou a Cuba. Como lle foi? El diciame, mentres lle puña un chiquito de viño, que en Cuba sempre durmira a catro pernas. Volveu sen maleta, co posto. E pasou os días a falar de Cuba co seu veciño Ramón de Montañés. Morreu de cirrose.

Ter un avó tabú do que non se fala claramente dá para imaxinar moita cousa na cabeza dunha nena. El tivo fillos alí. Busqueinos cando o disco-libro *Descarga ao vivo*.

Con Marful reivindicabades os salóns de baile, as antigas orquestras. Abraíanme os espazos abandonados, non só fisicamente. O salón de baile de diante da casa de meus pais deume a clave para construír un discurso marfuliano. E tamén me axudou Ramón Piñeiro, actualmente director de aCentral que me colocou historicamente no significado completo arredor das músicas de salón en Galicia.

Na Mariña quizais a música tradicional galega tivo menos peso que noutros lugares, pero hai un impacto forte de América Latina e do intercambio, do fenómeno das antigas orquestras e salóns

de baile. Ata que punto marcou a túa terra natal a túa música? Na Mariña e Occidente Astur a oralidade é amplísima, como en calquera contorna con ruralidades. Romances, arrolos, cantos de oficios, dos mariñeiros, nos portos, nas conserveiras... Se nos anos 70 ou 80 os recolletores non atoparon «cousa de interese coreográfico» en cancións de pandeireta e gaita, iso non é argumento para dicir que non existe música con formas chamadas «tradicional». E aí hai afortunadamente un temazo de estudio antropolóxico do que é a erosión da tradición, as zonas de tránsito e as zonas de intercambios culturais asiduos. Desde Chouteira, e aínda hoxe, canto cancións da zona Mariña-Occidente Astur, sábeas miña nai e fun aprendéndoas vivindo aquí, cun proceso natural, sen invadir e gardando os tempos de espera da vida. Os bailes e as pequenas *orquestinas* xa están no meu currículo con catro discos ao lombo.

Antes de Marful foi Chouteira, como dis. Cal cres que é o legado do grupo? Daquela había un apertado corsé á hora de expresarse cantando coa etiqueta tradicional. Os arranxos de Chouteira eran curiosos, tiñan moita inspiración doutros estilos, aínda que instrumentalmente todo era básico. Había unha atención polo deseño, a escenografía, o humor no palco, reflexións. Empurrámos a bailar no torreiro como fixeron os Cempés.

Salientas o feito no conservatorio folque de Lalín. Que reivindicas daquela experiencia? Reivindicoo porque teño a dor da falla de recoñecemento a este proxecto, quizais porque aínda non se colleu perspectiva, ou é simplemente unha cicatriz sen curar. Galiza ten moita fachenda dicindo que é un país de artistas, un volcán creativo, e isto achanta coa tradición que se pon nun altar, a repetitiva de costumes que ás veces nin son saudables nin respectuosas.

O conservatorio foi a canteira. A crítica construtiva. A dúbida. Aceptar o erro, colaborar, conspirar. Entrar de cheo na historia e a antropoloxía da música galega para descubrir os cordóns umbilicais. Nos palcos de hoxe en día vexo as aulas da escola.

É a obra que máis orgullo che produce? A miña principal obra, á parte de aprender a ser nai de Lúa, compañeira de Pierre, amiga nos abismos da miña xente próxima e socia de Marina dunha Oficina (Galega doutros Asuntos do Movemento) que só me dá boas cousas, son as novas cancións que están por vir. Espero ser mellor persoa e máis sabia con «b» e «v», niso traballo todos os días de ganchete coa escrita.